

Sumario

Página

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Augas de Galicia

Servizo Territorial da Zona Galicia Centro

- DH.A15.29330 Extraco, Construccions e Proxectos, SA (Melide)

2012/274

4

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Augas de Galicia

Servizo Territorial da Zona Galicia Centro

- DH.A15.29090 Concello do Pino

2012/275

5

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Fomento e Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais

- Nomeamento e convocatoria da composición do xurado do concurso de deseño logotipo "Igualdade de xénero e loita contra a violencia de xénero", ano 2011

2012/702

6

MUNICIPAL

ARANGA

Secretaría - Intervención

- Aprobación inicial do orzamento municipal do exercicio 2012.....

2012/463

7

ARTEIXO

Secretaría Xeral

- Baixas de oficio do padrón de habitantes.....

2012/453

8

BERGONDO

Intervención

- Anuncio da aprobación definitiva do Orzamento municipal para o exercicio económico de 2012.....

2012/419

9

BOIRO

- Baixas de oficio no padrón de habitantes.....

2012/426

11

A CORUÑA

Área de Medio Ambiente, Infraestructuras y Territorio. Servicio de Urbanismo

- Incoación expediente de reposición de la legalidad a Don Jorge Freire Regueiro y Dª María del Pilar Laperal Couceiro por realización de obras sin licencia consistentes en cambio de ventanas en Calle Torre, 102, 2ºD. Expediente 622/317/2011

2012/389

12

CURTIS

- Notificación incoación procedimento sancionador de tráfico.....

2012/225

13

Sumario (continuación)

	Página
IRIXOA	
· Notificación colectiva taxa abastecemento de auga, 2.º semestre 2011	14 2012/461
MIÑO	
· Aprobación da derogación da ordenanza fiscal núm. 14 reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda a domicilio e aprobación da nova ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.....	15 2012/468
MUROS	
· Exposición pública do padrón da taxa polo servizo de suministración da auga potable. 4º trimestre	18 2012/427
MUROS	
· Licenza de actividade de frotería	19 2012/430
MUROS	
· Exposición ó público das listas de contribuíntes das taxas polos servizos de recollida de lixo e sumidoiros	20 2012/452
NOIA	
<i>Secretaría</i>	
· Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das axudas á rehabilitación de vivendas na área de rehabilitación	21 2012/460
SANTIAGO DE COMPOSTELA	
<i>Sección Municipal de Contratación</i>	
· Licitación do Servizo de dinamización socioeducativa e sociocultural da rede municipal de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.....	29 2012/478
SANTIAGO DE COMPOSTELA	
<i>Urbanismo</i>	
· Anuncio de información pública LAP/3/2012	30 2012/432
SANTIAGO DE COMPOSTELA	
<i>Secretaría Xeral</i>	
· Acordo delegación competencia.....	31 2012/422
SANTISO	
· Aprobación provisional Ordenanza fiscal reguladora da taxa por tramitación expediente conducente á obtención de resolución/acordo de declaración de aplicación do réxime de situación de fóra de ordenación	32 2012/601
VILARMAIOR	
· Aprobación definitiva do orzamento 2012	33 2012/433
VIMIANZO	
· Anuncio acordo plenario de modificación do sistema de actuación da UA 12 das NN.SS.	34 2012/476
CONSORCIOS	
CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS	
· Aprobación definitiva del expediente de modificación de créditos 8/2011	35 2012/421
CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS	
· Aprobación definitiva del presupuesto y cuadro de personal para el ejercicio 2012.....	36 2012/423
ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA	
JUZGADOS DE PRIMERA INSTANCIA	
1ª INSTANCIA 1 A CORUÑA	
· Expediente de dominio. Reanudación del tracto 960/2011-L.....	37 2012/336
1ª INSTANCIA 7 A CORUÑA	
· Procedimiento ordinario 1466/2010	38 2012/352

Sumario (continuación)

	Página
JUZGADOS DE INSTRUCCIÓN	
1^a INSTANCIA E INSTRUCCIÓN 3 CARBALLO	
· Expediente de dominio. Inmatriculación 440/2011.....	39
	2012/334
JUZGADOS DE LO SOCIAL	
SOCIAL 1 A CORUÑA	
· Número de autos: Seguridad Social 82/2011.....	40
	2012/431
SOCIAL 1 A CORUÑA	
· Procedimiento ordinario 570/2011.....	41
	2012/464
SOCIAL 3 A CORUÑA	
· Demanda 1228/2009	42
	2012/479
SOCIAL 4 A CORUÑA	
· Despido/ceses en general 1135/2011, Piedras Rústicas Gallegas, SL, señ. 8-03-2012	43
	2012/424
SOCIAL 4 A CORUÑA	
· Demanda 740/2009-MA.....	45
	2012/438
SOCIAL 4 A CORUÑA	
· Número autos: demanda 740/2009-MA.....	46
	2012/441
SOCIAL 4 A CORUÑA	
· Ejecución de títulos judiciales 248/2011-J	47
	2012/472

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

ConSELLERÍA de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Augas de Galicia

Servizo Territorial da Zona Galicia Centro

DH.A15.29330 Extraco, Construccións e Proxectos, SA (Melide)

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

Manuel Álvarez Ageitos, co DNI 36041553R, en representación de EXTRACO, Construccións e Proxectos, S.A., co CIF A32002644, solicita de Augas de Galicia un caudal de 0,05 litros/segundo de augas procedente dun pozo de barrena, no lugar do Monte do Leboreiro, Concello de Melide (A Coruña), con destino aos aseos dunha planta de aglomerado asfáltico. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A15.29330

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE: EXTRACO, Construccións e Proxectos, S.A.

CAUDAL: 0,05 litros/segundo (1.575 m³/ano)

DESTINO: Uso dos aseos dunha planta de aglomerado asfáltico

ORIGEN: Pozo de barrena

LUGAR: Monte do Leboreiro

CONCELLO: Melide (A Coruña)

Solicita unha concesión de auga para empregar nos aseos dunha planta de aglomerado asfáltico situada na parcela 35 do polígono 56 do Concello de Melide, no lugar do Monte do Leboreiro. A captación realízase mediante un pozo de barrena entubado con PVC de 110 mm de diámetro e cunha bomba eléctrica de 2 CV, unha dosificadora de cloro e tubaxe de PE de 40 mm de diámetro que leva a auga á caseta dos aseos.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días naturais, a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Melide ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa Tomiño, 16 baixo – 15781 Santiago de Compostela, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quien o deseñe.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2012

O xefe do Servizo Territorial da Zona Galicia Centro

Ángel Gómez Rey

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

ConSELLERÍA de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Augas de Galicia

Servizo Territorial da Zona Galicia Centro

DH.A15.29090 Concello do Pino

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

Manuel Taboada Vigo, co DNI 33274357G, en representación do Concello do Pino, co CIF P1506700B, solicita de Augas de Galicia un caudal de 40 litros/segundo de augas procedente do río Tambre, no lugar do Sar, parroquia de Budiño (Santa María), Concello do Pino (A Coruña), con destino ao abastecemento ás parroquias de Arca, Budiño, Castrofeito, Pereira e ao polígono industrial. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A15.29090

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE: Concello do Pino

REPRESENTANTE: Manuel Taboada Vigo

CAUDAL: 40 litros/segundo (1.261.500 m³/ano)

DESTINO: Abastecemento a poboación e polígono industrial

ORIGE: Río Tambre

LUGAR: Sar

PARROQUIA: Budiño (Santa María)

CONCELLO: O Pino (A Coruña)

Solicita a concesión de augas públicas para o abastecemento de varios núcleos de poboacións nas parroquias de Arca, Budiño, Castrofeito e Pereira e tamén ao polígono industrial. As novas instalacións consistirán nunha captación de auga no río Tambre nas coordenadas X: 552330 Y: 4756120 mediante dous pozos filtrantes, unha E.T.A.P de proceso físico-químico na parcela 699 do polígono 503, un bombeo en alta dentro do edificio da potabilizadora, tubaxe de impulsión e un novo depósito regulador de 2.000 m³ no lugar do Petón, parroquia de Castrofeito, lugar onde se conecta á rede de distribución.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días naturais, a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello do Pino, ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa Tomiño, 16 baixo – 15781 Santiago de Compostela, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quien o deseexe.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2012

O xefe do Servizo Territorial da Zona Galicia Centro

Ángel Gómez Rey

ADMINISTRACIÓN LOCAL PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Fomento e Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais

Nomeamento e convocatoria da composición do xurado do concurso de deseño logotipo “Igualdade de xénero e loita contra a violencia de xénero”, ano 2011

ANUNCIO

NOMEAMENTO E CONVOCATORIA DA COMPOSICIÓN DO XURADO DO CONCURSO DE DESEÑO LOGOTIPO “IGUALDADE DE XÉNERO E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”, ANO 2011

Don DIEGO CALVO POUSO, Presidente desta Corporación, resolve:

De conformidade coa proposta da Sección de Servizos Sociais e para darlle continuidade á tramitación do expediente da convocatoria do concurso de deseño logotipo “Igualdade de xénero e loita contra a violencia de xénero” e segundo o disposto na resolución nº 397 do 16 de xaneiro de 2012 :

1. Delegar en Dna. Zaira Rodríguez Pérez. Deputada da área de servizos sociais, políticas de Igualdade e normalización lingüística da Deputación da Coruña a presidencia do xurado. Actuando a súa vez como parte do xurado.

2. Aprobar a seguinte composición do xurado

▪ **Preside:** Dna. Zaira Rodríguez Pérez. Deputada da área de servizos sociais, políticas de Igualdade e normalización lingüística da Deputación da Coruña por delegación de Presidencia.

▪ **Xurado**

- Dna. Zaira Rodríguez Pérez. Deputada da área de servizos sociais, políticas de Igualdade e normalización lingüística da Deputación da Coruña.
- Dna. Eva Ovenza Pereira. Técnica de igualdade e políticas públicas da Deputación da Coruña
- Dna. Fernanda Soutullo Siverio. Técnica de servizos sociais da Deputación da Coruña
- Dn. José Manuel Cobas Gómez. Responsable da edición e deseño gráfico da Deputación da Coruña.

Secretaria: Sagrario Liaño Pedreira, por delegación do secretario.

3. Convocar ao xurado o 23 de xaneiro as 10 h na sala “Juanjo Gallo” na planta 6^a da Deputación Provincial.

4. Publicar dita resolución no BOP.

A Coruña, 19 de xaneiro de 2012

O presidente

O secretario xeral

Diego Calvo Pouso

José Luís Almáu Superviña

2012/702

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARANGA

Secretaría - Intervención

Aprobación inicial do orzamento municipal do exercicio 2012

O Pleno da Corporación, logo de aprobar o orzamento xeral municipal para o exercicio de 2012, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para o dito exercicio, en cumprimento do que se dispón no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles –que se empezarán a contar desde o día seguinte á inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia– co fin de que durante este prazo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. presidente desta Corporación.

Aranga, 16 de xaneiro de 2012.

O alcalde

Asdo.: Alberto Platas Álvarez

2012/463

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Baixas de oficio do padrón de habitantes

NEGOCIADO DE ESTATÍSTICA

REF. MEAM/mf.

EXPTES. BAIXAS OFICIO/2011

EDICTO

Posto en coñecemento desta Alcaldía o feito de que as persoas abaixo mencioadas, empadroadas neste Concello, non residen neste termo municipal durante a maior parte do ano, incumprindo deste modo os requisitos establecidos no artigo 54 do Regulamento de poboación e demarcación territorial para figurar no padrón municipal de habitantes, ábrese un prazo de 15 días –a contar dende o seguinte ó da publicación deste edicto no BOP– para que os interesados presenten ante esta Alcaldía as alegacións que consideren pertinentes respecto da súa situación no padrón de habitantes, facéndolles saber que finalizado dito prazo continuarase cos trámites relativos ás correspondentes baixas de oficio.

Personas mencioadas:

NOME E APELIDOS	EXPEDIENTE
RAMÓN JIMÉNEZ JIMÉNEZ	64/11
EDUARDO IGNACIO CASTELBAJAC	65/11
RICARDO GENARO PERNAS SUÁREZ	67/11
ELÍAS PINO VERGARA	68/11

Arteixo, 3 de xaneiro de 2012.

O alcalde

Carlos Calvelo Martínez

2012/453

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Intervención

Anuncio da aprobación definitiva do Orzamento municipal para o exercicio económico de 2012

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Unha vez que foi aprobado inicialmente polo Pleno do Concello o orzamento xeral municipal para o exercicio económico de 2012 na sesión realizada o día 15 de decembro de 2011 e tras estar exposto ó público durante o prazo de quince (15) días, despois de anunciarse no Boletín Oficial da Provincia número 243 do 23 de decembro de 2011, segundo o que dispón o artigo 169º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e o artigo 20º do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, non se produxo ningunha reclamación durante o citado prazo, polo que se entende definitivamente aprobado.

En consecuencia e, segundo disponen os artigos 127º do RDL 781/1986, de 18 de abril, e 169.3º do TRLRFL, publícase o Orzamento municipal para o exercicio económico de 2012 xunto coa plantilla de persoal, co seguinte resumo por capítulos:

ESTADO DE GASTOS		
Capítulos	Denominación	Euros
A) Operacións Correntes		
1	Gastos de persoal	1.836.346,51
2	Gastos en bens correntes e de servicios	2.801.380,21
3	Gastos financeiros	20.000,00
4	Transferencias correntes	257.800,00
6	Investimentos reais	424.034,11
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	22.000,00
9	Pasivos financeiros	116.062,98
SUMA TOTAL GASTOS		5.477.623,81

ESTADO DE INGRESOS		
Capítulos	Denominación	Euros
A) Operacións Correntes		
1	Impostos directos	2.141.000,00
2	Impostos indirectos	60.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.049.523,26
4	Transferencias correntes	2.055.862,20
5	Ingresos patrimoniais	50.796,88
B) Operacións de Capital		
6	Alleamiento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	98.441,47
8	Activos financeiros	22.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
SUMA TOTAL INGRESOS		5.477.623,81

O cadro de persoal e a relación de postos de traballo deste Concello, segundo o que preceptúa o artigo 127º do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, é como segue:

I.- FUNCIONARIOS

Posto de traballo	Dot	Grupo	Escala	Subescala	Situación
Secretaria	1	A1	Habilitación estatal	Entrada	Propiedade
Interventora	1	A1	Habilitación estatal	Entrada	Propiedade
Técnico de Admón. Xeral	1	A1	Admón. xeral	Técnica	Cuberta interinamente
Arquitecto superior	1	A1	Admón. especial	Técnica	Cuberta interinamente
Arquitecto técnico	1	A2	Admón especial	Técnica	Propiedade
Traballadora social	1	A2	Admón especial	Técnica	Propiedade
Traballadora social	1	A2	Admón especial	Técnica	Cuberta interinamente
Admtvo.-tesoureiro	1	C1	Admón xeral	Administrativa	Propiedade
Administrativa	1	C1	Admón xeral	Administrativa	Propiedade
Administrativa	1	C1	Admón. xeral	Administrativa	Propiedade
Auxiliar-admvo/a.	3	C2	Admón xeral	Auxiliar	Vacante
Auxiliar-admvo/a.	5	C2	Admón xeral	Auxiliar	Propiedade
Oficial de Policía Local	1	C1	Admón. especial	Servizos especiais	Vacante
Policía Local	1	C1	Admón. especial	Servizos especiais	Propiedade en situación de "para extinguir"
Policía Local	4	C1	Admón. especial	Servizos especiais	Propiedade

II. PERSOAL LABORAL FIJO

Posto de traballo	Grupo asimilado	Praza	Titulación / Categoría laboral	Situación
Técnico Local de Emprego	A1	1	Titulación Superior	Vacante
Técnico de apoio social	A2	1	Titulación Media	Vacante. Cuberta temporalmente por laboral temporal
Técnico de Cultura e Deportes	A2	1	Titulación Media	Vacante
Administrativo Cultura-Deportes	C1	1	Bacharelato superior ou equivalente	Cuberta interinamente
Administrativo Cultura-Deportes	C1	1	Bacharelato superior ou equivalente	Vacante
Auxiliar admvo. de urbanismo	C2	1	Graduado escolar ou equivalente	Cuberta interinamente
Capataz encargado	C2	1	Graduado escolar ou equivalente	Cuberta
Oficial 1ª (vías e obras)	C2	1	Graduado escolar ou equivalente	Cuberta
Oficial 1ª (vías e obras)	C2	1	Graduado escolar ou equivalente	Vacante. Cuberta temporalmente por laboral temporal.
Oficial 1ª (servizos múltiples)	C2	1	Graduado escolar ou equivalente	Vacante. Cuberta temporalmente por laboral temporal.
Oficial 1ª (condutor)	C2	1	Graduado escolar ou equivalente	Cuberta
Oficial 1ª (condutor)	C2	1	Graduado escolar ou equivalente	Vacante. Cuberta temporalmente por laboral temporal
Oficial 1ª (mantemento espazos públicos)	C2	1	Graduado escolar ou equivalente	Vacante
Auxiliar biblioteca	C2	1	Graduado escolar ou equivalente	Cuberta
Auxiliar de axuda a domicilio	C2	4	Graduado escolar ou equivalente	Vacante. Cuberta temporalmente por laboral temporal.
Auxiliar de servizos de cultura	C2	1	Graduado escolar ou equivalente	Vacante. Cuberta temporalmente por laboral temporal.

Oficial 2ª albanel	AP	1	Certific. Escolaridade ou equivalente	Vacante
Peóns (vías e obras)	AP	2	Certific. escolaridade ou equivalente	Vacante. Cuberta temporalmente por laboral temporal.
Peóns (vías e obras)	AP	2	Certific. escolaridade ou equivalente	Vacante
Conserxe Colexio Público	AP	1	Certific. escolaridade ou equivalente	Cuberta interinamente
Conserxe Polideportivo	AP	1	Certific. escolaridade ou equivalente	Vacante. Cuberta temporalmente por laboral temporal.
Limpiadoras	AP	2	Certific. escolaridade ou equivalente	Cuberta

III. PERSOAL EVENTUAL

Auxiliar administrativa	C2	1	Graduado escolar ou equiv.	Cuberta
-------------------------	----	---	----------------------------	---------

Bergondo, 13 de xaneiro de 2011

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Baixas de oficio no padrón de habitantes

ANUNCIO

Con datas do 29 de novembro e 19 de decembro de 2011 esta Alcaldía ditou resolucións polas que se ordenan, de acordo co disposto no artigo 72 do Regulamento de poboación demarcación territorial das entidades locais, incoar expediente de baixa de oficio no padrón municipal de habitantes ás persoas abaixo relacionadas, por incumprimento da lexislación vixente, ó figurar empadroados/as incumprindo os requisitos establecidos no art. 54 do Regulamento citado.

Non sendo posible practicar a notificación persoal, ábrese un prazo de 15 días –a contar dende o seguinte ó da publicación deste edicto no BOP– para que os/as interesados/as presenten ante esta Alcaldía as alegacións que consideren pertinentes respecto da súa situación no padrón de habitantes, facéndolles saber que finalizado o dito prazo, continuaránse os trámites relativos á baixa de oficio.

Nome e apelidos	Domicilio
Ramón Garrido Iglesias	Espadañal, 6, baixo A
José Manuel Luhía Insua	Iglesia 6. Bealo
Enrique Ramos Elias	Avda. Compostela 21-1. ^º

Boiro, 11 de xaneiro de 2012.

O alcalde

Asdo. Juan José Dieste Ortigueira

2012/426

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Medio Ambiente, Infraestructuras y Territorio. Servicio de Urbanismo

Incoación expediente de reposición de la legalidad a Don Jorge Freire Regueiro y Dª María del Pilar Laperal Couceiro por realización de obras sin licencia consistentes en cambio de ventanas en Calle Torre, 102, 2ºD. Expediente 622/317/2011

ANUNCIO

Ante la imposibilidad de notificar a Don Jorge Freire Regueiro y Doña Maria Del Pilar Laperal Couceiro de la resolución recaída en el expediente de restablecimiento de la legalidad urbanística 622/317/2011, que se está tramitando en esta Sección de Disciplina Urbanística de la Dirección de Urbanismo, de conformidad con el artículo 59.4 de la Ley 30/92 de 26 de noviembre del régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, se procede a la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia (BOP) de la parte dispositiva del Decreto Directivo de fecha 8 de noviembre de 2011:

"DISPONGO:

PRIMERO.- Incoar expediente de reposición de la legalidad urbanística por la realización de obras sin licencia consistentes en cambio ventanas sitas en piso 2ºD del nº 102 de la Calle de la Torre y que son promovidas por Don Jorge Freire Regueiro y Doña Maria Del Pilar Laperal Couceiro.

SEGUNDO.- Otorgar audiencia a los interesados por plazo de 15 días, a contar a partir del día siguiente al de la notificación de la presente resolución, a fin de que puedan alegar y presentar las alegaciones y justificaciones que estimen pertinentes para la defensa de sus derechos e intereses legítimos, antes de que se requiera a para que, en el plazo de tres meses, solicite la oportuna licencia de legalización de las obras realizadas.

A Coruña, 08 de noviembre de 2011

EL ALCALDE, P.D.

EL DIRECTOR DE URBANISMO

Fdo.: César de Jesús Otero Grille (firmado)"

Lo que le comunico para su conocimiento y efectos consiguientes.

A Coruña, 13 de enero de 2012

EL DIRECTOR DE URBANISMO

Fdo: César de Jesús Otero Grille.

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CURTIS

Notificación incoación procedemento sancionador de tráfico

NOTIFICACIÓN INCOACIÓN PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, faise pública notificación da iniciación dun expediente sancionador de tráfico á persoa que a continuación se sinala, xa que, intentada a notificación no último enderezo coñecido, esta non se pudo practicar.

DENUNCIADO	DATA DA INFRACCIÓN
José Manuel Estévez Jorge	18/09/11

O interesado dispón un prazo de 20 días naturais, contados a partir desta publicación, para que el ou o seu representante, debidamente acreditado, comparezan nas oficinas do Concello de Curtis a efectos de coñecer o contido íntegro do acto que no seu día se intentou notificar.

Durante o prazo de 20 días naturais desde o seguinte á presente publicación poderá:

- a) Pagar con redución do 50% do importe da sanción (artigo 80 LSV) o que implica acollerse ao procedemento abreviado do artigo 80 LSV e supón a renuncia a formular alegacións, a terminación do procedemento o día de pago e demás consecuencias previstas no dito artigo. Queda aberta a vía contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte o pago.
- b) Formular alegacións e propor ou aportar probas (artigo 81 LSV).
- c) De non formular alegacións nin abonar o importe da multa a denuncia correctamente notificada sorte efectos de acto resolutorio nos supostos e coas consecuencias previstas polo artigo 81.5 LSV, é dicir, terase por concluído o expediente, sen necesidade de ditar resolución expresa.

Teixeiro, 10 de xaneiro de 2011

O alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

2012/225

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL

IRIXOA

Notificación colectiva taxa abastecemento de auga, 2.º semestre 2011

NOTIFICACIÓN COLECTIVA PADRÓN TAXA SERVIZO DE ABASTECIMENTO, 2º SEMESTRE 2011

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local deste concello, adoptado en sesión do 13-1-2012, aprobouse o padrón da taxa polo servizo de abastecementos de auga potable de Ambroa, Churío, Coruxou, Irixoa, Mántaras, Verís e A Viña, 2º semestre 2011; procédese á notificación colectiva de tales liquidacións (196), de conformidade co establecido no art. 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como da previsión de cobranza (art. 88 do Regulamento Xeral de Recadación).

PRAZO DE INGRESO EN PERÍODO VOLUNTARIO: do 1 de febreiro ao 31 de marzo do 2012, ambos os dous incluídos. Transcurrido este período iniciarase o período executivo, no cal determiníñase o dereito ao percibo dos recargos establecidos no art. 28 da Lei Xeral Tributaria, sen prexuízo dos intereses de demora e custas de procedemento.

FORMA DE INGRESO: nas contas municipais do Concello de Irixoa no Banco Santander ou en NovaGalicia Banco.

O que se pon no coñecemento público e dos suxeitos pasivos das liquidacións, aos efectos de notificación colectiva, reseñando que contra as mesmas cabe interpoñer recurso de REPOSICIÓN no prazo de 1 MES, contado dende o seguinte á presente publicación, diante da Xunta de Goberno Local; unha vez resolto o anterior, de xeito expreso ou presunto, poderase interpoñer o recurso CONTENCIOSO - ADMINISTRATIVO diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de 2 MESES, que se contará a partir do día seguinte da recepción da notificación da resolución do anterior (no caso de resolución presunta o prazo sería de 6 meses). Todo elo sen perxuízo de que poida exercitarse, no seu caso, cualquera outro recurso que se estime procedente. A interposición dos recursos non suspende a eficacia administrativa das liquidacións.

Irixoa, 16 de xaneiro de 2012

O alcalde

Antonio Deibe Sanmartín.

O secretario-interventor

Alejandro Alonso Figueroa

2012/461

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MIÑO

Aprobación da derogación da ordenanza fiscal núm. 14 reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda a domicilio e aprobación da nova ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio

Aprobación da derogación da ordenanza fiscal núm. 14 reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda a domicilio e aprobación da nova ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

O Concello en Pleno, en sesión celebrada o día 15 de outubro de 2011 aprobou inicialmente o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Derrogar expresamente a ordenanza fiscal núm. 14 reguladora da taxa da taxa pola prestación do servizo de axuda a domicilio. A dita derogación producirase no momento da publicación no BOP da aprobación definitiva da nova ordenanza.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a nova Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio no Concello de Miño.

Durante o período de exposición ó público non se formularon reclamacións, elevándose a definitivos os acordos municipais adoptados, en aplicación do artigo 70.2 da Lei 7/1985.

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen perxuízo de calquera outro que se estime oportuno.

O texto da nova ordenanza é o seguinte:

"ORDENANZA NÚM. 14 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO CONCELLO DE MIÑO.

ARTIGO 1. CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co artigo 41, e segundo as normas contidas no Capítulo VI do Título I do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, este concello establece o prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio, especificado nas tarifas comprendidas no artigo 5, e que se rexerá pola presente ordenanza.

ARTIGO 2. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado mediante a presente ordenanza as persoas ás que se lles preste o servizo de axuda a domicilio (SAD), calquera que sexa a modalidade do mesmo, baseándonos no que se establece na Orde do 22 de xaneiro de 2009 da Vicepresidencia para a Igualdade o o Benestar pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG nº 22, do 2 de febreiro de 2009).

Se o/a beneficiario/a carecera da capacidade para obrar, a dita obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre quen exerza de feito o seu coidado.

ARTIGO 3. CONTÍA DO PREZO PÚBLICO

Aos efectos previstos para a aplicación das tarifas do artigo 5 seguinte, establecese o prezo da hora por prestación do servizo en 12,00 euros/hora, para días laborables e en 14 euros/hora para sábados, domingos e días festivos, revisable anualmente segundo o índice de prezos ao consumo (IPC) que publique o organismo público competente, previo acordo do órgano municipal competente.

Ao abeiro do establecido no artigo 47.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, delégase na Xunta de Goberno Local a competencia para a modificación dos ditos importes en función das variacións no custe do servizo.

ARTIGO 4. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO

Para a determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo terase en conta o que se establece no artigo 17 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar para a Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Considérase persoa usuaria do servizo aquela para a que se solicita o servizo, e no caso particular de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos/as menores que formen parte dela.

2. A capacidade económica das persoas usuarias do SAD calcularase en atención á súa renda, e se é o caso, ao seu patrimonio. Teránse en conta, ademáis, as persoas conviventes e económicamente dependentes da persoa usuaria.

3. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que perciban: rendementos de traballo, incluidas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

4. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéransen exentos do cómputo a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do/a beneficiario/a.

5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen económicaamente dos citados perceptores.

7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos números anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

8. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teránse en conta os datos correspondentes á ultima declaración fiscal disponible ou pensión coñecida.

9. Para a actualización da información relativa á capacidade económica, as persoas beneficiarias do servizo presentarán, antes do final do mes de febreiro de cada ano, cando se produzcan cambios na súa situación inicial ou ben a petición dos Servizos Sociais do Concello, xustificación documental das circunstancias socioeconómicas tidas en conta para o acceso ao servizo.

ARTIGO 5.- PARTICIPACIÓN ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO

Para os efectos de aplicación das tarifas tomarase como referencia o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao IPREM, quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Para o resto dos supostos establecense os seguintes tramos de copagamento en función da capacidade económica da persoa usuaria en relación co IPREM, respectando os límites expresados no artigo 18 da Orde do 22 de xaneiro de 2009.

TÁBOA DE COPAGAMENTO

INGRESOS EN RELACIÓN AO IPREM	PORCENTAXE DE CONTRIBUCIÓN
Entre 0 e o 100%	Exento
Entre o 100% e o 150%	20%
Entre o 150% e o 250%	30%
Entre o 250% e o 350%	40%
Entre o 350% e o 450%	50%
Mais do 450%	65%

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior poderán preverse excepcións aos criterios xerais nos casos en que a problemática principal atendida sexa a desestructuración familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

TÁBOA DE COPAGAMENTO SEGUNDO IPREM 2011

Ingresos IPREM	Desde	Ata	Copago	Prezo/hora Laborables	Prezo/hora Festivos
Entre 0 e o 100%	0	532,51	0	0	0
Entre o 100% e 150%	532,52	798,77	20%	2,40€	2,80€
Entre o 150% e o 250%	798,78	1.331,28	30%	3,60€	4,20
Entre o 250% e o 350%	1.331,29	1.863,79	40%	4,80€	5,60€
Entre o 350% e o 450%	1.863,80	2.396,30	50%	6,00€	7,00€
Mais do 450%	2.396,31		65%	7,80€	9,10€

As táboas anteriores para o exercicio 2011 están suxeitas ás variacións establecidas cada ano no IPREM.

ARTIGO 6. CONDICIÓN DE PAGAMENTO

- a) A obriga de pagamento do prezo público nace dende o momento no que se inicie a prestación do servizo.
- b) Os abonos mensuais das cotas de pagamento realizaranse mediante unha domiciliación bancaria (as excepcións a esta regla deberán motivarse cun informe dos técnicos de Servizos Sociais). Se estes pagamentos non se puidesen facer efectivos por motivos atribuibles á persoa beneficiaria do servizo –inexistencia de fondos ou outros-, éste/a será apercibido/a de inmediato, responsabilizándose dos gastos que esto ocasiona.
- c) Cando o/a usuario/a vaia a estar ausente do seu domicilio, ben por ingreso hospitalario, por asistir a programas de termalismo social ou por un motivo distinto pero xustificado, deberá avisar, como mínimo, con 48 horas de antelación (dous días). Nestes casos, se lle descontará a parte proporcional da cota que lle corresponda mensualmente.
- d) Se a algúun/unha dos/as beneficiarios/as non se lle prestase o servizo por causas non imputables a el/ela mesmo/a, léase por inconvenientes derivados da organización interna do propio servizo, terá tamén dereito a un desconto proporcional ao tempo que estivo sen servizo á hora de aboar a cota mensual.

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN

1. As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse polo servizo prestado e serán reducibles por períodos mensuais.
2. A finais do mes de febreiro de cada ano, ou antes se se producisen cambios na situación das persoas beneficiarias do servizo, requeríráselles, por parte dos Servizos Sociais, para que xustifiquen documentalmene a situación socioeconómica e patrimonial, aos efectos de actualizar a súa renda per cápita e o prezo público a aboar.
3. Unha vez iniciada a prestación do servizo, procederase á inclusión da persoa beneficiaria nos padróns ou matrículas deste prezo público. O pagamento da contía que lle corresponda aboar a cada usuario/a farase efectivo por meses naturais nas entidades bancarias colaboradoras que se sinale, e nos prazos a tal efecto recollidos na normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Queda derogado o acordo regulador da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF), cuxa última modificación foi aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 23 de xuño de 2009 (BOP da Coruña nº 217 do 6 de outubro de 2009).

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno do Concello de Miño, entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 LRBRL, segundo establece o artigo 70.2 da devandita lei, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio.

Miño, 16 de xaneiro de 2012

O alcalde

PD. 711/11 (Res. Alcaldía:20-06-2011)

Eva Vilariño González

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Exposición pública do padrón da taxa polo servizo de subministración da auga potable. 4º trimestre

Exposición pública do Padrón da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliaria de auga o Padrón da taxa pola subministración de auga correspondente ao 4º trimestre de 2011 e aprobado pola Xunta de Goberno Local, exponse ao público o citado Padrón durante 15 días hábiles, a contar desde a publicación do presente anuncio no BOP da Coruña.

O Padrón atópase a disposición dos interesados no Concello de Muros e na oficina de ESPINA Y DELFÍN, S.L. sita na Rúa do Cid nº 2 de Muros, de 09:00 a 13:45 horas, de luns a venres (excepto mércores), para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra o acordo de aprobación do Padrón os interesados poderán formular perante a Xunta de Goberno Local o recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo do artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, nos termos previstos en dito precepto.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio produce efectos de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

O período de pago en vía voluntaria fíxase desde o día 15 de febreiro de 2012 ao 16 de abril de 2012, ambos incluídos, e poderá efectuarse na oficina da empresa ESPINA Y DELFÍN, S.L. sita na Rúa do Cid nº 2 de Muros, de 09:00 a 13:45 horas, de luns a venres (excepto mércores).

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de demora e as custas que se produzan.

Muros, 16 de xaneiro de 2012.

A alcaldesa,

Asdo. Caridad González Cerviño.

2012/427

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Licenza de actividade de froitería

ANUNCIO

LICENZA DE ACTIVIDADE

Neste Concello estase tramitando o expediente de solicitude para a concesión da licenza da seguinte actividade:

Solicitante: D.^a María Amabilia Rodríguez Parga.

Actividade: froitería.

Situación: rúa Real, n.^o 65, na vila de Muros.

O que se fai público a fin de que quen se considere afectado pola actividade poida examinalo e presentar, no seu caso, as alegacíons ou observacíons que estimen oportunas, durante o prazo de DEZ (10) DÍAS, a contar desde o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Muros, 16 de xaneiro de 2012.

A ALCALDESA

Asdo. Caridad González Cerviño

2012/430

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Exposición ó público das listas de contribuíntes das taxas polos servizos de recollida de lixo e sumidoiros

EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DAS LISTAS DE CONTRIBUÍNTES DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE RECOLLIDA E TRATAMIENTO DE LIXO E SUMIDOIROS

O Concello de Muros anuncia a exposición ó público das listas de contribuíntes das taxas polos servizos de recollida e tratamiento de lixo e de sumidoiros correspondentes ó exercizo 2012, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas no prazo de vinte días hábiles, contados des que se publique este anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante este período poderánse presentar as solicitudes de bonificación que para os pensionistas e desempregados prevé o artigo 5 da ordenanza fiscal reguladora.

As listas de contribuíntes e as solicitudes de bonificación estarán a disposición do público nas oficinas municipais.

Muros, 13 de xaneiro de 2012.

A ALCALDESA

Asdo.: Caridad González Cerviño

2012/452

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NOIA**Secretaría**

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das axudas á rehabilitación de vivendas na área de rehabilitación

ANUNCIO: APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN.

Faise público, de acordo ao establecido nos artigos 70.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 196.1. do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que a Ordenanza reguladora das axudas á rehabilitación de vivendas na área de rehabilitación, aprobada inicialmente polo Pleno en sesión realizada o 25 de novembro de 2011, quedou aprobada definitivamente ao non terse presentado ningunha reclamación ou suxestión durante o período de exposición ao público do expediente. Asemade públicase o texto íntegro desta ordenanza que non entrará en vigor ata que transcorra o prazo ao que se refire o artigo 70.2. da Lei 7/1985.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime pertinente.

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CONCELLO DE NOIA.

Exposición de motivos.

A relevancia histórico-artística da vila de Noia deu lugar ó seu recoñecemento como Conxunto Histórico Artístico o 31 de xaneiro de 1985 e á súa declaración como Área de Rehabilitación por parte da Xunta de Galicia o 23 de maio do 2001. Como consecuencia desta última declaración o Pleno da Corporación, na sesión realizada o 30 de xuño de 1998, aprobou definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior do Casco Histórico que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 256, de data 7 de novembro de 1998.

Por elo mesmo desde o ano 2002 o Concello de Noia ten asinado coa Xunta de Galicia e o Ministerio competente en materia de vivenda, diferentes convenios de financiamento de obras de rehabilitación de vivendas e edificios situados no ámbito delimitado por aquel Plan especial.

A presente ordenanza xorde da necesidade de adecuar ás actuacións de rehabilitación ó Plan de Vivenda actualmente vixente regulado no Real decreto 2066/2008, de 12 de decembro polo que se regula o Plan Estatal de vivenda e Rehabilitación 2009- 2012 , Plan que presenta unha dobre vontade estratéxica, establecer unhas bases a longo prazo dos instrumentos da política de vivenda dirixidos a mellorar o acceso o uso e uso da vivenda dos cidadáns con dificultades, e desde un punto de vista concultural, aborda a realidade concreta na que está inmerso o ciclo da vivenda , e no Decreto 402/2008, do 12 de decembro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012.

Artigo 1º .- Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto regular as axudas municipais á rehabilitación de vivendas situadas na Área de Rehabilitación do Concello de Noia, que engloba o ámbito delimitado polo Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico de Noia (PEPRICH) aprobado polo Pleno deste Concello o 30 de xuño de 1998 e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 256, do 7 de novembro de 1998. Respecto ó número máximo de actuacións a subvencionar e ó importe total das subvencións estarase ó previsto nos respectivos convenios asinados entre o Concello de Noia, a Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia e o Ministerio de Vivenda, e os Plans de Vivenda vixentes en cada momento.

Artigo 2º .- Partida orzamentaria.

O pagamento das axudas concedidas ó abeiro desta ordenanza efectuarase con cargo á partida orzamentaria 336 780 "Subvencións a particulares para rehabilitación de vivendas no conxunto histórico", creándose a divisionaria correspondente segundo a fase en execución.

Artigo 3º.- Persoas beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarios ou beneficiarias das axudas á rehabilitación da vivenda as persoas promotoras da actuación e as propietarias das vivendas ou edificios, persoas inquilinas autorizadas pola persoa propietaria ou comunidades de propietarios/as incluídos no perímetro da ARI cando a vivenda constitúa o seu domicilio habitual e permanente.

2. Asemade poderán solicitar as axudas as persoas titulares das vivendas desocupadas cando se comprometan a ocupalas eles mesmos ou a transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en alugamento, como residencia habitual ou permanente, no prazo máximo de tres meses desde que finalicen as obras. Nestes casos a concesión das axudas quedará condicionada á efectiva ocupación das vivendas no dito prazo, que poderá ser prorrogado ata un ano por solicitude da persoa interesada cando medie causa debidamente xustificada, sen que, en consecuencia, se proceda á liquidación da axuda mentres non estean efectivamente ocupadas.

3. Poderán ser beneficiarias ou beneficiarios das axudas á rehabilitación de elementos comúns dos edificios as persoas propietarias ou titulares dalgún dereito de uso sobre as vivendas que componen o edificio. Nos edificios en réxime de propiedade horizontal actuará como representante a persoa que exerce a presidencia da comunidade de propietarios legalmente constituída. En ausencia desta, as persoas propietarias designarán un representante de común acordo.

As persoas beneficiarias no poderán ter obtido axudas financeiras nin préstamo convidado para o mesmo tipo de actuación, ó amparo de plans estatais ou autonómicos de vivenda, durante os dez anos anteriores á solicitude actual. Entenderase que se obtivo préstamo convidado cando o mesmo haxa sido formalizado. E que se obtiveron axudas financeiras, cando se haxa expedido a resolución administrativa recoñecendo o dereito ás mesmas.

As persoas beneficiarias das axudas á rehabilitación da vivenda deberán cumplir as condicións establecidas nos artigos 1 e 3.1.f do Real Decreto 2066/2008, deberán así mesmo cumplir os requisitos e obrigas establecidas nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

As vivendas que haxan obtido axudas de este programa, haberán de destinarse a domicilio habitual y permanente do seu propietario, ó arrendamento, ó menos durante 5 años trala finalización das obras de rehabilitación.

Si as vivendas estiveran en réxime de copropiedade común ou comunidade de bens, as persoas propietarias nomearán un representante por acordo entre eles.

Artigo 4º.-Intervencións subvencionables.

As axudas previstas diríxense a subvencionar a rehabilitación de vivendas ubicadas na Área de Rehabilitación de Noia que constitúan ou vaian constituír a residencia habitual e permanente da persoa propietaria ou inquilina co obxectivo de mellorar as condicións de habitabilidade destas e a calidade de vida de quen as habita, así como de conservar o patrimonio arquitectónico.

As vivendas e edificios obxecto de rehabilitación deberán ter unha antigüidade superior a 10 anos, excepto en supostos suficientemente motivados e acordados nas comisións bilaterais de seguimento.

As intervencións que poderán ser obxecto de financiamento son as enumeradas no Anexo I desta ordenanza.

Artigo 5º.- Importe das axudas.

A contía máxima das subvencións determinarase en función dos ingresos familiares anuais ponderados (IFP) das persoas solicitantes cando estas teñan constituída a súa residencia habitual e permanente nas vivendas que se van rehabilitar ou estas se rehabiliten con tal fin, aplicando os seguintes tipos:

1. Con ingresos familiares anuais ponderados de ata 6,5 veces o IPREM, poderán recibir unha subvención a fondo perdido de ata o 50% do orzamento protexido.

2. Con ingresos familiares anuais ponderados de ata 4,5 veces o IPREM, poderán recibir unha subvención a fondo perdido de ata o 60% do orzamento protexido.

3. Con ingresos familiares anuais ponderados de ata 2,5 veces o IPREM, poderán recibir unha subvención a fondo perdido de ata o 75% do orzamento protexido.

Aos ingresos familiares, que se referirán á unidade familiar tal e como resulta definida no artigo 49 da Lei de vivenda de Galicia e determinados na forma prevista no artigo 4 do Real decreto 2066/2008, aplicarase, en función dos membros da unidade familiar, o seguinte coeficiente multiplicativo corrector:

Familias dun membro: 0,90

Familias de dous membros: 0,80

Familias de tres membros: 0,75

Familias de catro ou máis membros: 0,70

Se algún membro da unidade familiar tivese a condición de discapacidade, nas condicións establecidas polo imposto sobre a renda das persoas físicas, o coeficiente corrector aplicable será o seguinte ao que lle corresponda polo número de membros da familia.

Artigo 6º .- Orzamento protexido.

O orzamento protexido determinarase pola suma do orzamento total do contrato de execución das obras, os honorarios facultativos e de xestión e os tributos satisfeitos por razón das actuacións, así como os estudos arqueolóxicos e outros preceptivos ou necesarios para acometer a obra.

O orzamento máximo protexido en actuacións de rehabilitación acollidas ao programa de ARIS é o determinado no artigo 48 do Real decreto 2066/2008 para cuxos efectos se computará unha superficie útil máxima de 90 metros cadrados por vivenda.

A contía mínima de presupuesto protexido por vivenda rehabilitada ou que participe nos custos de rehabilitación dun edificio será de 1.000 euros.

A superficie útil computable así coma a contía de presupuesto protexido determinarase en cada momento polo disposto na normativa autonómica e estatal de desenrollo do Plan de Vivenda correspondente.

Establécense como prezos máximos os das distintas partidas do catálogo de prezos de rehabilitación determinados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e que figura na páxina web do citado organismo. Para as partidas nel non previstas teranse en conta os prezos da base de datos da construcción de Galicia publicadas, e para as partidas non definidas determinaranse os rendementos por asimilación a outras partidas.

Artigo 7º .-Compatibilidade con outra axudas.

As axudas para as actuacións de rehabilitación reguladas neste decreto son compatibles coas dos programas autonómicos de rehabilitación de inmobles situados en conxuntos históricos galegos.

En ningún caso o importe total das subvencións concorrentes, para as mesmas actuacións de rehabilitación poderá ser de tal contía que o conxunto de todas elas supere o 75% do custo do presupuesto protexible definido regulamentariamente.

As axudas para as actuacións de rehabilitación en áreas de rehabilitación integral son incompatibles coas axudas dos programas autonómicos de rehabilitación e reconstrucción de vivendas unifamiliares no medio rural.

Artigo 8º .- Denegación, revogación e no seu caso reintegro da axuda concedida.

Serán causas de denegación da axuda concedida e de reintegro no seu caso, ademais dos supostos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seguintes.

1. A non presentación da documentación sinalada nesta ordenanza o incumprimento das condicións esixidas pola mesma.

2. A non adaptación das obras ó PEPRICH.

3. Iniciar as obras sen comunicarollo á Oficina de Rehabilitación.

4. A incorrecta realización das obras aprobadas.

5. A non execución completa das obras.

6. A execución completa das obras non aprobadas previamente pola Oficina de Rehabilitación municipal.

7. O incumprimento non xustificado do prazo de inicio das obras ou do de execución das mesmas.

8. Impedir a inspección técnica das obras por parte dos servizos da Oficina de Rehabilitación ou denegar a documentación e/ou información que estos servizos lle requiran ó respecto ou falsear a mesma.

9. O incumprimento das condicións relativas á ocupación das vivendas.

10. Non executar as obras dentro do prazo concedido. No obstante, poderá outorgarse a cualificación definitiva naqueles casos en que, acadada a seguridade estrutural e habitabilidade da vivenda e cumpridos os demais requisitos, se comprobe que as obras executadas, de entre as aprobadas, cheguen como mínimo ao 75 por 100 do orzamento protexido que figure na cualificación provisional.

Artigo 9º .-Prazos e solicitudes.

A apertura do prazo para a presentación das solicitudes así como a súa duración, que non será inferior a un mes, establecerase por acordo do órgano competente para a concesión/denegación das axudas, o que se fará público mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e nun xornal dos de maior implantación na Comarca de Noia. Neste mesmo acordo nomeárase ó órgano instrutor e a Comisión de Valoración que se encargará de valorar as solicitudes presentadas de acordo ó establecido no artigo 13 da Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Noia publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 25, do un de febreiro de 2010.

As persoas interesadas deberán presentar a solicitude por escrito na Oficina de Rehabilitación, do Concello de Noia, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico da administracións públicas e do procedemento administrativo común. Esta deberá ir acompañada da seguinte documentación:

1-. Impreso de solicitude debidamente cuberto e asinado.

2-. Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) do ou da solicitante.

2.1-. En caso de comunidades de veciños:

- Copia do Código de Identificación Fiscal (CIF).
- Certificación orixinal do acordo da comunidade do nomeamento do Presidente da Comunidade.
- Acordo de aprobación das obras a realizar.
- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) do representante que realiza a solicitude.

3-. Copia da documentación acreditativa da propiedade do edificio ou vivenda.

3.1-. En caso de aluguer:

- Copia do contrato de arrendamento da vivenda
- Autorización orixinal de cada unha das persoas copropietarias da vivenda ó inquilino para a realización das obras.

4-. Documentación relativa ás obras a realizar

4.1 OBRAS MENORES

- Memoria das actuacións a realizar en cada edificio ou vivenda, especificando a superficie útil do edificio ou vivenda e a superficie desta afectada polas obras, asinada polo ou polos propietarios ou propietarias e, de se lo caso, polo arrendatario ou arrendataria.

- Certificado orixinal de Solidez e Seguridade do edificio ou vivenda firmado por técnico competente e visado por colexio profesional correspondente

- Reportaxe fotográfico descriptivo da edificación onde se atopa a vivenda e das zonas obxecto das actuacións.
- Calendario estimado das intervencións.
- Orzamento das obras, desagregado para cada vivenda e por partidas.

4.2-. OBRAS MAIORES

- Proxecto técnico que defina as obras a realizar especificando a superficie útil e o prazo de execución das obras.

- No caso de que as obras afecten a mais dunha vivenda establecerase o porcentaxe de participación de cada unha das vivendas no conxunto das obras

5-. Copia da licenza municipal de obras.

6-. Copia da declaración conxunta ou das declaracions individuais de tódolos membros da unidade familiar do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) correspondente ó exercicio inmediatamente anterior ó momento no que se solicita a axuda, sempre que o prazo esté vencido.

- Si o ou a solicitante non ten obriga de realizar declaración do IRPF, certificación orixinal do Ministerio de Economía e Facenda na que se faga constar o seu carácter de non declarante e unha fotocopia do Libro de Familia. Para xustificar os ingresos acompañará ademais copia do certificado de retencións practicadas pola empresa ou unha certificación da cantidade da pensión emitida polo organismo correspondente, cando se trate de xubilados ou pensionistas.

- Certificación de empadroamento e convivencia do número de membros que integran a unidade familiar.

7-. Certificacions orixinais acreditativas de estar ó corrente das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, a da Comunidade Autónoma de Galicia, e coa do Concello de Noia, así como coa Seguridade Social.

8-. Documentación acreditativa de que a vivenda ou edificio ten unha antigüidade maior de 10 anos, agás nos supostos suficientemente motivados e acordados nas comisións bilaterais de seguimento segundo establece o artigo 46 do Real decreto 2066/2008.

9-. Autorización orixinal de cada unha das persoas copropietarias ó ou á solicitante para a realización das obras no caso de vivendas en réxime de copropiedade común ou comunidade de bens así como no caso de edificios de vivendas que non teñan constituída a comunidade de veciños.

10-. Declaración responsable orixinal de que a vivenda adicarase a residencia habitual ou permanente da ou do solicitante ou ó aluguer, durante un prazo mínimo de 5 anos dende o remate das obras.

11-. Declaración orixinal do conxunto de tódalas axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas polas distintas administracións públicas ou entes públicos para a mesma finalidade.

12-. Declaración responsable, outorgada ante autoridade administrativa ou notario público, orixinal ou copia compulsada, de non atoparse en ningún dos supostos de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvencións ou axudas públicas.

Artigo 10º .-Procedemento.

As solicitudes serán informadas pola Oficina de Rehabilitación que comprobará que estén presentadas en prazo e que reúnen a documentación necesaria e que as vivendas ou edificios para os que se solicita a axuda atópanse dentro da Área de Rehabilitación. Asemade realizarán a estimación das obras polos técnicos da Oficina de Rehabilitación que, previa inspección técnica da vivenda ou do edificio, elaborarán en cada caso os informes técnicos correspondentes ó tipo de obra solicitada, segundo os criterios de lóxica construtiva e adaptándose á normativa técnica existente e propoñerán unha valoración da intervención en función dos criterios recollidos no artigo 12º desta ordenanza. Seguidamente as solicitudes serán informadas pola Intervención Municipal ós efectos de determinar o importe da axuda que corresponda a cada solicitude.

As solicitudes así informadas serán sometidas á avaliación da Comisión de Valoración á que se refire o artigo 10, parágrafo 1, da presente ordenanza e posteriormente ó órgano instrutor que formulará a proposta de resolución provisional. Esta será notificada ás interesadas e ós interesados outorgándolle un prazo de dez días hábiles para presentar as alegacións que estimen oportunas.

Examinadas as alegacións presentadas, de se lo caso, o órgano instrutor formulará proposta de resolución definitiva que será elevada ó órgano competente para resolver as solicitudes de acordo ós criterios de selección recollidos no artigo seguinte. Esta resolución será remitida ó órgano competente da Xunta de Galicia que será a encargada de formular a cualificación provisional das intervencións.

No suposto de que non se cubra a oferta de axudas, o órgano competente municipal poderá habilitar un novo prazo para a presentación de instancias.

Artigo 11º.- Criterios de selección das actuacións.

O Concello de Noia, entre tódalas solicitudes presentadas que reúnan os requisitos para poder acceder a este tipo de axudas, dentro dos límites orzamentarios e do número máximo de actuacións subvencionables previstos nos Convenios asinados cos órganos competentes en materia de vivenda da Xunta de Galicia e do Estado, realizará unha proposta motivada de selección en función dos seguintes criterios e coa ponderación que se indica:

a) Estado de conservación do edificio e urxencia, necesidade ou conveniencia na realización das obras para paliar a súa perda ou deterioro : máximo 30 puntos

bo estado de conservación	0 puntos
bastante bo estado de conservación	5 puntos
regular estado de conservación	10 puntos
mal estado de conservación	20 puntos
moi mal estado de conservación	30 puntos

b) Maior nivel de protección do edificio segundo o PEPRICH: máximo 30 puntos

edificación no catalogada	0 puntos
edificación catalogación ambiental B	10 puntos
edificación catalogación ambiental A	15 puntos
edificación catalogación estructural	20 puntos
edificación catalogación integral	25 puntos
edificación catalogación integral, BIC	30 puntos

c) Tipo de obras a realizar, priorizando as primarias fronte as secundarias e as de intervención xeral sobre o edificio fronte ás intervencións sobre un aspecto concreto do mesmo: máximo 20 puntos

obras secundarias parciais	5 puntos
obras secundarias xerais	10 puntos
obras primarias parciais	15 puntos
obras primarias xerais	20 puntos
obras primarias e secundarias parciais	15 puntos
obras primarias e secundarias xerais	20 puntos

d) Interese arquitectónico da proposta de actuación en tanto recupere os valores ou elementos orixinais do edificio ou derruben ou substitúan os engadidos que desvirtúan ou descontextualizan a composición arquitectónica de mesmo: máximo 10 puntos

obras sen valor arquitectónico	0 puntos
recuperación parcial de elementos	5 puntos
eliminación engadidos	10 puntos
recuperación valores orixinais	10 puntos

12º.- Contratación das obras.

A memoria económica das obras obxecto das axudas constituirá a base do contrato de obra entre as partes, como orzamento máximo subvencionado, previa aceptación do seu contido polo ou pola solicitante, que pactará o orzamento da contrata coa empresa encargada da súa execución.

No contrato das obras establecerase o calendario da intervención, fixando o inicio das obras e o período de execución destas que non podrá ser superior ó previsto na licenza de obras nin en todo caso superior a 18 meses.

O prazo de execución das obras non poderá exceder de 18 meses e deberá adecuarse ás anualidades previstas nos respectivos acordos subscritos no marco das comisións bilaterais.

Previo inicio das obras o ou a solicitante deberá aportar copia dos contratos das obras realizados e, de se lo caso, nomeamento da dirección facultativa.

13º.- Inicio das obras.

Na data convida na sinatura do contrato, que non poderá exceder do prazo sinalado na licenza de obras, procederanse ó comezo das obras levantándose Acta de inicio en presencia do ou da solicitante-promotor, do constructor das obras así como dos técnicos directores das mesmas, de se lo caso.

Os promotores das obras deberán comunicar por escrito, cunha antelación mínima de dez días hábiles, á Oficina de Rehabilitación a data e hora do inicio das obras.

14º.- Execución das obras.

As obras axustaranse ó convido no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas e no contrato subscrito entre as partes, non admitíndose ningunha modificación sen a autorización da dirección facultativa, de se lo caso, dos servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación, estar previamente autorizadas pola correspondente licenza urbanística e ser autorizadas ademais polo órgano competente da Xunta de Galicia que outorgara a cualificación provisional das intervencións.

Para elo o solicitante deberá presentar a documentación técnica necesaria para xustificar e definir as modificacións, sinalada no artigo 10 da presente ordenanza.

As modificacións axustarán o orzamento de execución e polo tanto da axuda concedida na medida que sexa posible, tendo en conta as limitacións establecidas nesta ordenanza e o importe total das axudas para cada convocatoria.

Os técnicos da Oficina de Rehabilitación poderán, en todo momento, supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións a que estén sometidas e requirir a documentación ou a información que estimen pertinente para aclarar o cumprimento das obras autorizadas ou dos requisitos da edificación ou dos beneficiarios ou beneficiarias.

15º.- Finalización das obras.

Rematadas as obras dentro do prazo concedido na cualificación provisional outorgada polo órgano competente da Xunta de Galicia, ou na prórroga autorizada, a persoa promotora das actuacións disporá dun mes desde o certificado de

fin de obra, para comunicar o seu termo. A falta desta comunicación dará lugar á denegación da cualificación definitiva por incumprimento das condicións da cualificación Provisional.

A persoa promotora das actuacións deberá presentar na Oficina de Rehabilitación a seguinte documentación:

- a) Orixinal da certificación final da obra expedida pola dirección facultativa, de existir.
- b) Orixinal da Acta de recepción asinada pola dirección facultativa, o promotor e o construtor.
- c) Certificación orixinal na que fará constar as datas do inicio e finalización das obras e o seu custo final, así como o cumprimento das condicións a que estén sometidas as actuacións.
- d) Orixinal da certificación bancaria onde solicita se lle abone a axuda concedida.
- e) Nova declaración orixinal do conxunto de tódalas axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas polas distintas administracións públicas ou entes públicos para a mesma finalidade.
- f) Copia da factura ou facturas das obras que permitan a xustificación das actuacións realizadas.

De non existir dirección facultativa, o promotor das obras porá en coñecemento da Oficina de Rehabilitación o remate daquelas non quedando obrigado a presentar a documentación relacionada nos apartados a), b) e c) deste artigo.

Seguidamente, os servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación expedirán a correspondente certificación das obras executadas que será aprobada, de selo caso, polo órgano municipal competente para resolver as solicitudes de axudas. Ambos documentos, certificación de obra e certificación do acordo municipal, serán remitidos ó órgano competente da Xunta de Galicia ós efectos da resolución definitiva de concesión.

Artigo 16º.- Abono das axudas.

Concedida de xeito definitivo a axuda, o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia e do Ministerio de Vivienda ingresará directamente ó Concello o importe das subvencións que a cada un deles lle corresponda e o Concello as abonará ós beneficiarios ou beneficiarias mediante transferencia bancaria.

No suposto previsto no apartado 2. do artigo 3º desta ordenanza as axudas non serán abonadas en tanto non se acredeite no prazo indicado, a efectiva ocupación da vivenda a través do correspondente certificado de empadroamento, ou ben, o documento que formalice a transmisión da vivenda/edificio máis o certificado de empadroamento dos ou das adquirentes, ou ben, a través do correspondente contrato de alugueiro.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA.

As axudas solicitadas con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza, rexeranse pola Ordenanza municipal vixente no momento da súa solicitude.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA.

Queda expresamente derogada a Ordenanza reguladora das axudas á rehabilitación de vivendas na área de rehabilitación do concello de Noia, aprobada polo Pleno en sesión realizada o 29 de febreiro do 2008 e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 111, do 15 de maio do 2008.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza, que consta de 16 artigos, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ANEXO I: INTERVENCIÓN SUBVENCIONABLES.

As intervencións subvencionables serán as incluídas nun ou máis dos seguintes apartados:

→ Intervencións protexibles primarias.

1. Consolidación das estruturas degradadas de acordo co PEPRICH e a súa adaptación ós parámetros vixentes de seguridade estrutural marcado polo CTE.
2. Adecuación da vivenda ou edificio á accesibilidade de persoas con discapacidade.
3. Colocación de sistemas de aforro enerxético ou obras que supoñan melloras no illamento térmico ou acústico das vivendas.
4. Obras que melloren a estanquidade do edificio fronte á choiva e reparación e/ou colocación de sistemas adecuados de evacuación da auga da choiva e saneamento.

5. Obras encamiñadas a mellorar as condición fronte ó risco de incendios adaptando o edificio á normativa vixente.
6. Instalacións eléctricas: renovación, mellora, ampliación ou creación de novos circuitos nas vivendas ou espazos comúns do edificio.
7. Instalacións de fontanería: renovación, mellora, ampliación ou creación de novas conduccións, sistemas de quentamento de auga e calefacción.
8. Instalacións de saneamento: renovación, mellora, acondicionamento ou creación de novas conducións horizontais e verticais e a súa conexión coa rede xeral de saneamento.
9. Instalacións de extracción de fumes e ventilación: renovación, mellora, acondicionamento ou creación de novas conduccións horizontais e verticais para a correcta extracción de fumes e ventilación das vivendas ou elementos comúns de edificios.
10. Adecuación dos servizos sanitarios e cociñas, con renovación e mellora dos locais húmidos, substitución e/ou colocación de elementos sanitarios, illamento dos paramentos para a eliminación e protección contra humidades, acabados horizontais e verticais e protección de elementos estruturais.

→ **Intervencións protexibles secundarias.**

1. Reparación ou conservación dos elementos de formación da cuberta co obxectivo de procurar a estanquidade, como complemento doutros tipos de obras subvencionadas e acorde co planeamento existente.
2. Reparación e tratamiento de fachadas: limpeza da pedra, reparación de revocados e enfoscados e consolidación de fendas.
3. Reparación ou substitución de elementos de cerramento e carpinterías afectadas polas obras de mellora de locais húmidos.
4. Reparación ou substitución de carpinterías exteriores.
5. Arranxo de portais e accesos a vivendas: reparación e pintura de paramentos, renovación ou substitución de portas de acceso.
6. Modificación de distribucións sempre que sexan para mellorar as condicións de habitabilidade da vivenda (alumeado e ventilación), e complementarias ás intervencións e instalacións. Estas modificacións nunca afectarán ós núcleos de escadearias e ós accesos das vivendas.

Noia, 16 de xaneiro de 2012

O alcalde,

Asdo. Rafael García Guerrero

2012/460

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sección Municipal de Contratación

Licitación do Servizo de dinamización socioeducativa e sociocultural da rede municipal de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela

ANUNCIO DE LICITACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

OBXECTO DO CONTRATO: Servizo de dinamización socioeducativa e sociocultural da rede municipal de Centros Socio-culturais do Concello de Santiago de Compostela.

REFERENCIA DO EXPEDIENTE: CON/85/2011.

TIPO DE LICITACIÓN: 1.638.739'64 euros.

PRAZO DE EXECUCIÓN: Establécese un prazo de ejecución de DOUS ANOS.

ADXUDICACIÓN: Procedemento Aberto.

PROPOSICIÓN: Os licitadores poderán presentar proposicións no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (R/ Presidente Salvador Allende nº 4, CP 15705 Santiago), entre as 9.00 e as 14.00 horas, dentro do prazo de 15 días naturais, a contar desde o día seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA: non se esixe.

DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN: Perfil municipal de contratante: www.santiagodecompostela.org.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: Son os sinalados no artigo 10.3 do prego de cláusulas administrativas.

GARANTÍA DEFINITIVA: 5% do importe de adxudicación.

APERTURA DE PLICAS: As datas de apertura dos sobres que conteñen os diferentes criterios de adxudicación a valorar nesta licitación, que terán lugar en acto público no Departamento de Contratación (R/ Presidente Salvador Allende nº 6-8), anunciáranse previamente no perfil de contratante do órgano de contratación nos termos sinalados no prego de cláusulas administrativas.

GASTOS DE ANUNCIOS: O gasto derivado das publicacións desta licitación será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2012.

O ALCALDE,

Asdo.: Gerardo Conde Roa

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Urbanismo

Anuncio de información pública LAP/3/2012

D./D.^a MARÍA MICHAELA SAPONARO solicitou licenza de apertura para restaurante na rúa CHOUUPANA (DA) 22, 000 - SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA). Consonte o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas de 27 de agosto de 1982, sométese a información pública por un prazo de DEZ DIAS hábiles para que todas as persoas que se encontren afectadas poidan formular por escrito as reclamacións que consideren pertinentes. O correspondente expediente LAP/3/2012 pode consultarse no Negociado de Aperturas deste Concello.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2012.

A concelleira delegada de Urbanismo

Asdo.: María Pardo Valdés

2012/432

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Secretaría Xeral

Acordo delegación competencia

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 09 de xaneiro de 2012 adoptou o seguinte acordo:

“7.- Proposta da alcaldía relativa á delegación da competencia para o outorgamento de licenzas para a tenenza de animais potencialmente perigosos, na concelleira de Medio Ambiente e Sanidade.

